



Advirten de que a descentralización lle resta eficacia á política turística

A descentralización réstalle eficacia á política turística e fai que España perda a competitividade en materia de turismo fronte a outros países competidores, onde o liderado dos seus respectivos gobernos permitiu tomar medidas que contribúen á recuperación do sector da crise. Así ve a actual situación da industria turística española o presidente de Exceltur e vicepresidente de Sol Meliá, Sebastián Escarrer, para quen o caso de promoción da imaxe de España é un claro exemplo do prexuízo que produce a transferencia da competencia do turismo ás comunidades autónomas.

Na súa opinión, as comunidades autónomas, e ata moitos mu-

nicipios, están promocionando o seu propio territorio no estranxeiro, onde ninguén os coñece e onde a marca España apenas é transmitida. Para Escarrer, iso é “un sentido”, tendo en conta que competidores de España como Francia, Alemaña, Reino Unido, Exipto, Croacia ou Tunisia promocionan os seus destinos coa imaxe do país. Aínda que o executivo recoñeceu que a Secretaría de Estado de Turismo está facendo avances importantes respecto de áreas de mercadotecnia e reposicionamento da marca España, estes son claramente insuficientes, xa que “estamos facendo unhas campañas de publicidade de produtos que non coñece nin a súa nai”. ● EFE